

## Calendario do programa:

### 14 de maio:

- Talleres ambientais en VigoZoo: A chegada dos 50 nenos de Ancares está prevista ás 16:30 en VigoZoo, onde se convocarán aos 150 rapaces do municipio inscritos previamente e se farán os talleres ambientais ata as 20:30 aproximadamente. Finalizada a actividade convocarase de novo aos 200 rapaces ás 10:00 horas do día seguinte.

### 15 de maio:

- Saída e viaxe: Convócase aos 50 rapaces dos Ancares e aos 150 de Vigo ás 10:00 horas no peirao da Naviera Mar de Ons (Dársena da Laxe) para embarcar e partir á illa ás 10:30 horas.
- Chegada á Illa: Farase unha reunión con todo o persoal de traballo e explicarase aos rapaces a previsión de actividades, reparto de grupos e nome dos monitores responsables, ademais das normas básicas de convivencia e respecto ambiental na illa.
- Montaxe de tendas: Cada grupo montará a tenda de campaña co asesoramento e apoio dos monitores.
- Comida: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres ambientais: Na tarde do primeiro día os rapaces realizarán varios talleres de educación ambiental a cargo do programa **Vigodiversidade**.
- Cea: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres nocturnos de observación de estrelas: A cargo dos técnicos da Agrupación Astronómica das Rías Baixas, organizaranse actividades de orientación astronómica e observación de estrelas.
- Entrega de chocolate quente: Unha vez finalizados os talleres astronómicos, tomaremos un vaso de chocolate quente antes de ir a durmir.
- Pasar a noite en tendas de campaña.

### 16 de maio:

- Almorzo: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres ambientais de mañá: Talleres de educación ambiental a cargo do programa **Vigodiversidade**.
- Comida: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Talleres ambientais de tarde: Talleres de educación ambiental a cargo do programa **Vigodiversidade**.
- Cea: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Pernocta en tendas de campaña.

### 17 de maio:

- Almorzo: Realizarase no comedor do Camping das Illas Cíes.
- Recollida de tendas: Cada grupo recollerá a tenda de campaña co asesoramento e apoio dos monitores. Ademais os rapaces recollerán as súas mochilas e pertenzas persoais, preparando a viaxe de volta.
- Viaxe de volta: Todo o grupo partirá dende o peirao de Cíes ás 11:30 horas, chegando aproximadamente á Dársena da Laxe ás 12:15, onde deberán estar os pais/nais/titores para recollelos.
- Finalización do programa